



CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO 2020/2021

([Orde do 12 de maio de 2020](#); DOG, 19 de maio de 2020)

1. TIPOS DE AXUDAS:

1.a.) Fondo solidario de libros de texto:

- Poderá solicitala todo o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.

Os libros adxudicaranse por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias. Esgotados os libros dispoñibles no fondo, o Centro garantirá a entrega de 6 libros de texto ao alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€ e 4 libros aos que teñan una renda superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€.

1.b.) Adquisición de libros de texto para 1º e 2º de primaria:

- Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€ a axuda será de 210€.

- Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€ a axuda será de 140€.

1.c.) Adquisición de material escolar:

- Poderá solicitalo todo o alumnado de primaria con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€. A axuda será de 50€.

2. SOLICITUDES

2.1.- A solicitude será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2020/2021.

2.2.- As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

2.3.- Cando no momento de presentar a solicitude o alumnado aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2020/21, deberá presentala no centro no que estea matriculado no curso actual.

2.4.- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderán presentarse tamén no Centro no que estea matriculado o alumno/a, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2.5.- A solicitude estará tamén dispoñible na páxina web do Centro no seguinte enlace: www.edu.xunta.es/centros/ceipramonsagra/; na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>; no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal> e nas dependencias da Xefatura Territorial da Consellería de Educación.

2.6.- A solicitude deberá ser asinada polo pai, nai ou titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos esixidos nela, que son certos os datos indicados e que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros e o material reutilizable.

2.7.- Prazo de presentación de solicitudes: **do 20 de maio ao 19 de xuño** (este incluído).

3. DOCUMENTACIÓN: Deberán achegar xunto coa solicitude ([Anexo I e II](#)) a seguinte documentación:

- a) **Copia do libro de familia** ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familia. No caso de non ter libro ou este non reflecta a situación a día **31 de decembro de 2018**, poderán acreditar o nº de membros utilizando algún dos seguintes medios: **sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a custodia do/da menor;** certificado ou volante de convivencia; informe dos servizos sociais que acredite a situación familiar.
- b) Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia (en caso de discapacidade recoñecida pola Xunta, consultarase automaticamente os datos).
- c) Documentación xustificativa de situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
- d) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- e) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.
- f) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello, no caso de que o pai e a nai ou titor/titores carezan de DNI e NIE.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos presentados. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada. Opcionalmente poderase presentar a documentación de forma presencial no Centro.

4. ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

4.1.- Cálculo da renda per cápita: (Membros da unidade familiar a 31 de decembro de 2018)

Na **declaración da renda do 2018**, sumaranse os recadros 435 (base impositiva xeral) e 460 (base impositiva do aforro) de cada un dos membros da familia que obteñan ingresos e dividirse o resultado da suma anterior, polo número de membros da unidade familiar. No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (Certificado de imputacións emitido pola AEAT).

4.3.- Determinación da unidade familiar (Terase en conta a situación a 31 de decembro de 2018)

Forman a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou tutores do alumnado.
- Os fillos/as menores de idade.
- Os fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.
- A persoa que por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno/a.
- No caso de non existir vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai, a nai e os fillos que vivan con eles e que reúnan os requisitos dos puntos anteriores.

4.4.- Obrigas dos beneficiarios

- Devolver os libros de texto e material reutilizable adquirido coas axudas de libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2019/20.

- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros no curso 2020/21.

- Destinar o vale para adquirir os libros que indique o Centro.

- Destinar o importe do vale para adquirir o material escolar necesario e indicado polo centro.

4.5.- Ademais do material escolar habitual, teñen tal consideración os caderniños das distintas materias (**“Activity Book” de Inglés, caderniño de Música, dicionarios,...**), polo que poderán ser adquiridos co vale para material.